



ACTA DA COMISION DELEGADA DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS. OURENSE 2011.

Sendo as 10,00 horas do día 15 de decembro de 2011, reúnense no Hotel Auriense na cidade de Ourense, os membros da comisión delegada do Consello de Comunidades Galegas que a continuación se relacionan, logo da convocatoria realizada polo secretario xeral da Emigración, J. Santiago Camba Bouzas, a través de Resolución de 6 de outubro de 2011, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 199 o 18 de outubro de 2011 (ANEXO I), previa conformidade do Presidente da Xunta de Galicia.

Asistentes:

- Presidente, por delegación do Presidente da Xunta de Galicia, Santiago Camba Bouzas, secretario xeral da Emigración.

- Vogais:
 - Hermandad Gallega de Caracas, representada por Antonio Piñón Martín.
 - Centro Gallego de Montevideo, representado por Jorge Torres Cantalapiedra.
 - Centro Galicia de Buenos Aires, representado por José María Vila Alén.
 - Sociedad Vivero y su Comarca de La Habana, representada por Enrique Repiso.
 - Centro Gallego de Buenos Aires, representado por Oscar Graña Díaz.
 - Casa Galicia de Montevideo, representada por Cándido Lois García.
 - Centro Gallego de Hannover, representado por Juan Fraga Fernández.
 - A Nosa Galiza de Xenebra, representada por José Constenla Suárez.
 - Centro Gallego de Londres, representado por Nicolás Miño Suárez.
 - O Lar Gallego de Róterdam, representado por Xosé A. Fernández Corral.
 - Agrupación C. Gallega Saudade de Barcelona, representada por Ernesto Lagarón Vidal.
 - Casa de Galicia de Elgoibar, representada por Gregorio Isasi Bidaurre.
 - Lar Gallego de Sevilla, representado por Raimundo Alfredo Otero García.
 - Casa de Galicia de Valladolid, representada por Antonio Barbosa Fernández.

- Outros asistentes a sesión, por invitación do Presidente da Comisión, que o fan sen capacidade de voto e para intervir nos asuntos da súa responsabilidade ao seu requirimento:
 - Ildefonso de la Campa Montenegro, Xefe de Gabinete da Secretaría Xeral da Emigración.
 - Víctor Díaz Pache, membro do gabinete da Secretaría Xeral da Emigración.



Manuel Díaz López, S.X. de Coordinación, contratación e Xestión Orzamentaria.

Andrés Castro Bande, S.X. de Centros e Comunidades Galegas.

- Secretario, por resolución do secretario xeral da Emigración, Ramón Brigos Fernández, funcionario da Secretaría Xeral da Emigración.

O Secretario toma a palabra e fai lectura da relación de asistentes. Posteriormente, fai lectura da orde do día segundo o recollido na resolución da convocatoria.

Asuntos a tratar segundo a orde do día:

1.- Constitución.

O Presidente declara constituída a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas en sesión ordinaria.

2.-Apertura de sesión a cargo do secretario xeral da Emigración.

O Presidente da a benvinda aos asistentes. A continuación somete a aprobación a acta da última sesión da Comisión Delegada celebrada en Santiago de Compostela o 12 de agosto de 2010 (ANEXO II). Apróbase por unanimidade.

3.- Informe xeral de actividades presentado polo secretario xeral da Emigración.

O secretario xeral da Emigración fai lectura dun amplo informe dos programas e accións realizados polo departamento da súa responsabilidade durante o ano 2011 (ANEXO III).

Posteriormente a súa intervención abre unha rolda de intervencións:

Antonio Barbosa. Fai mención que na xuntanza dos centros e casas galegas da Comunidade Autónoma de Castela e León, previa a presente sesión, púxose de manifesto a inhabilitación real dos últimos tres meses do ano para solicitar e tramitar subvencións para actividades que se desenvolvan neles, motivado polos prazos de xustificación que a Secretaría Xeral da Emigración marca nas súas convocatorias.

O secretario xeral da Emigración, aclara que os prazos das convocatorias veñen coordinados, necesariamente, cos prazos marcados para a execución orzamentaria pola Consellería de Facenda e tamén polas incidencias propias que xorden na xestión da Administración e das propias entidades. Recoñece o manifestado e plantea o estudo e adaptación dos programas da Secretaría Xeral, ata o posible, a prazos anuais sen que isto poda supoñer o comprometer a execución do seu presuposto. Apunta a oportunidade de realizar calendarios coordinados entre os distintos centros dunha mesma comunidade ou país, poñendo como referente os centros de México, que nos meses de setembro ou outubro de cada ano se reúnen e establecen un calendario para o ano seguinte.



Jorge Torres, manifesta que tamén en Uruguai se realiza esta xuntanza de coordinación e que o fan no mes de marzo de cada ano.

Ernesto Lagarón. Solicita suprimir ou simplificar algúns programas para facilitar a xestión dos centros. Di que as xustificacións de subvencións presentadas en setembro aínda non están pagadas, o que provoca que moitos directivos teñan que adiantar cartos propios e financiar aos centros. Pide que se poidan facer anticipos de créditos para financiar as actividades. Tamén pide substituír a presentación de facturas e recibos de transferencias para xustificar as subvencións pola presentación do libro de contabilidade das entidades, poñendo de exemplo o que solicitan as entidades locais de Cataluña para estes casos, sobre todo para presentar xustificacións para axudas maiores de 1.000€.

O secretario xeral da Emigración, manifesta que algúns programas xa prevén a posibilidade de facer anticipos a petición das entidades pero que se estudará o facelos de forma xeral segundo o permita a normativa sobre subvencións. Acerca da presentación do libro de contabilidade como forma de xustificación, salienta que non está previsto nas leis e regulamentos sobre subvencións aínda que se revisarán os programas e se tratará de facilitar no posible o traballo das entidades.

Jorge Torres. Súmase ao manifestado anteriormente, facendo fincapé nas dificultades ocasionadas pola lentitude ao realizar os pagos. Apostilla a grande dificultade que teñen en algúns países as entidades para facer os pagos a través de transferencias bancarias, polo custoso e polas propias dificultades dos sistemas bancarios neses países. Apunta a posibilidade de que a Secretaría Xeral poida realizar cursos e actividades puntuais (protocolo, deportes, asistencia social,..) fora das propias convocatorias, como os realizados de Protocolo no seu momento por Ildefonso de la Campa en Uruguai, que tivera tanto éxito que o están solicitando no Centro de novo.

O secretario xeral da Emigración, resposta que se mirará a posibilidade de realizar estas actividades. Sobre o asunto de subvencións, indica a necesidade de cumprir a normativa, que non sempre se adapta as realidades das entidades que solicitan as axudas.

Xosé A. Fernández Corral. Pon de manifesto a rebaixa das axudas no apartado de mantemento dos centros, tamén no de actividades para xoves.

Oscar Graña Díaz. Di que previa a esta reunión da Comisión, tiveron unha preparatoria dos centros en Buenos Aires. Nesta reunión pediuse revisar a idade de participación no programa de Escolas Abertas para que poidan participar maiores, como en campañas anteriores.

O secretario xeral da Emigración, comenta que se quere dar prioridade a xuventude nestas actividades. Non obstante manifesta que se estudará a oportunidade de aumentar a idade de participación ata os 45 anos.

Jorge Torres, apunta que non se aumente a máis de 40, xa que estas actividades naceron no seu momento para incorporar a xuventude as directivas dos centros.



Enrique Repiso Muriedas. Comenta que a actual convocatoria foi aprobada pola propia Comisión Delegada, que non obstante a idade real é a de 35 anos para o nivel de iniciación e a de 55 anos para o de avanzado. Apunta o éxito do sistema de reformulación nas solicitudes de axudas e pon de manifesto a dificultade de entregar os orixinais das facturas para xustificalas xa que, nalgún país, obrígase a que esten depositadas nas propias entidades.

José M. Vila Alén, fai mención a que en Arxentina non poden enviar o orixinal, que deben quedar depositadas nas entidades.

Nicolás Miño Suárez. Di que o actual sistema obriga a adiantar crédito aos directivos, o que ocasiona ademais dos propios problemas a quen ten que adiantalo, equívocos entre os socios a hora de interpretar e anotar os adiantos na contabilidade das propias sociedades.

Ernesto Lagarón Vidal. Pide que se concedan as axudas aos centros priorizándoas por tempadas segundo as necesidades das propias entidades e se concentren para facelas máis eficaces. Tamén apunta que non se subvencione o apartado de mantemento, xa que este, cando menos, debería correr a cargo dos socios dos centros.

Antonio Piñón Martín. Móstrase partidario do actual sistema, e di que a Secretaría Xeral da Emigración coñece a realidade de cada entidade e o que se necesita en cada momento.

José M. Vila Alén, móstrase de acordo co dito por Antonio Piñón. Tamén di que as entidades medran coas obras que posibilitan ofrecer servizos e axudan, a través destes, a integrarse nas comunidades nas que radican.

José Constenla Suárez. Sobre o asunto do Programa de Escolas Abertas, defende a oportunidade da convivencia da xuventude cos mestres máis maiores. Acerca do sistema de facturas para xustificar as axudas, di que a realidade de cada quen se ten que adaptar a normativa propia do estado no que está. Pide que Galicia, nestes casos, contemple a emigración como algo diferenciado. Así mesmo defende que a tramitación de documentación se realice a través da Internet.

O secretario xeral da Emigración, pon de manifesto que a Secretaría Xeral está a traballar neste asunto co Departamento de Modernización da Xunta de Galicia, e que neste senso preséntase algunha dificultade no caso do recoñecemento de firmas. Tamén salienta que a hora de introducir estes sistemas débese ter en conta que non en tódolos países se vai a mesma velocidade no acceso e uso da informática.

Enrique Repiso. Solicita que cada certo tempo se fagan cursos de terapia ocupacional e de manualidades terapéuticas en Cuba.

O secretario xeral da Emigración, di que non hai problema e que se estudará a posibilidade da súa realización.



4.- Informe sobre reforma da Lei da Galeguidade.

O secretario xeral da Emigración, inicia este punto do orde do día facendo unha defensa da necesidade de revisar a actual Lei do 83, de Recoñecemento da Galeguidade, no seu momento innovadora. Cumpre co compromiso de presentar o anteproxecto da nova lei nesta Comisión e salienta que os seus membros son, despois do Presidente da Xunta, os primeiros e únicos en tela recibido e coñecela, e que espera que sexa aprobada polo Parlamento antes de 2013.

Fai unha exposición dos puntos máis salientables que aborda a proposta (ANEXO IV).

A continuación presenta a Ildfonso de la Campa, coordinador do equipo redactor, dándolle a palabra.

Ildfonso de la Campa fai unha breve exposición sobre o texto que se presenta (ANEXO V), sinalando que se ten enviado a cada un con anterioridade. Agradece os comentarios e propostas xa realizadas por algún dos asistentes.

Posteriormente o presidente abre un rolda de intervencións sobre este punto.

Ernesto Lagarón. Intervén manifestando que, enviará as súas propostas por escrito, pactadas cos centros de Barcelona. Fai referencia os artigos sobre unión ou fusión de centros e pide aclaración acerca da representación destes durante a duración dos dous plenos que se propón no texto. Pide que se recolla o compromiso de que se manteñan as sedes sociais nas cidades de orixe das sociedades que se xunten ou fusionen. Solicita aclaración acerca do significado dos artigos nos que se establece o territorio e dimensión das federacións de entidades recollidas no texto. Tamén solicita que se de un papel máis relevante a Comisión Delegada e con máis participación que o que se propón no texto.

O secretario xeral da Emigración, acerca da fusión de entidades, manifesta a necesidade de propoñer un marco xeral que de cabida as distintas realidades para que cada entidade se adapte acorde coas súas propias características. Defende a actual redacción do texto sobre as funcións da Comisión Delegada xa que asegura a súa participación nas políticas da Xunta de Galicia sobre Emigración, reforzando o seu papel. Entre outras funcións, salienta que a partires da nova lei a Comisión emitirá informe para recoñecer a Galeguidade as asociacións que o soliciten, e tamén manifesta a importancia de que asuma responsabilidades no seguimento da vida das entidades.

Ildfonso de la Campa subliña que a Comisión Delegada débese empregar como ámbito de comunicación e transmisión entre as entidades, tamén entre éstas e a Administración galega para favorecer o seu coñecemento.

Enrique Repiso. Pide que se recolla no texto a extensión dos dereitos dos recoñecidos como galegos e tamén para o primeiro grao de descendencia destes, cando menos.

J.M. Vila Alén. Manifesta que segundo él a extensión das federacións está clara no texto da lei. Sobre as unións e o seu domicilio, di que unha entidade podería establecer varias sedes á súa conveniencia. Acerca



do que se entende por galego, di que non pode ser de outro xeito que o previsto no Estatuto de Autonomía. Apunta a oportunidade de definilo nun artigo de forma xeral, en lugar de facer referencia a elo en cada ocasión no texto da lei. Na súa opinión a definición prevista no Estatuto pode xerar confusión, propoñendo: “Cidadán español con rexistro censal nun concello de Galicia”. Acerca dos descendentes di que se poden contemplar ou non, xa que poderían non ter a condición de galegos.

Antonio Barbosa. Plantexa para o tal “recoñecemento de galego” a problemática de recoñecer os nados en Galicia e que a súa vez residen noutras comunidades de España, así como a dos seus descendentes.

O secretario xeral da Emigración, fai fincapé neste caso, di que é importante este asunto e que se revisará o texto do anteproxecto así como tamén se contemplará na normativa de desenvolvemento da Lei e que podería crearse unha figura como a de “galegos que residan fóra da Comunidade Autónoma”.

J.M. Vila Alén. Manifesta sobre o recoñecemento dos galegos residentes noutras Comunidades Autónomas que na súa condición de xurista ve difícil resolvelo xurídicamente. Di que está de acordo en crear unha figura para o caso, redatando un capítulo específico para recoñecerlles dereitos con respecto a esta lei. Di que debe haber unha solución política. Tamén propón recoller no texto da nova lei, para algunhas excepcións (por exemplo, no apartado de compoñentes de entidades) a referencia “excepto las Comunidades Gallegas radicadas en España”.

R. Alfredo Otero García. Fai una reflexión reforzando o significado que ten a Galeguitade para os descendentes de galegos que viven en España e propón un estudo para contemplalos na Lei.

Ernesto Lagarón. Propón que se recolla no texto da nova lei que as xuntas directivas das Comunidades Galegas se compoñan, cando menos, polo 51% de directivos galegos ou descendentes.

O secretario xeral da Emigración, no tocante a esto último, manifesta que pode colisionar coa normativa dalgún Estado.

Ernesto Lagarón apunta que se poña cando menos en España.

Antonio Piñón Martín. Pide aclaración sobre a figura das Redes Sociais que se recolle no borrador da nova lei, manifestando que poden converterse nunha fiestra aberta para crear problemas, tendo en conta a dificultade para controlar o seu acceso e contidos.

Ildfonso de la Campa, apunta que a inscrición destas, farase a través da rede, na páxina “Galicia Aberta” da Secretaría Xeral da Emigración. Trátase de dar unha vía de intercomunicación as novas realidades, especialmente as da xuventude.

Nicolás Miño. Manifesta que os estatutos das asociacións e centros deberían ser revisados pola Xunta de Galicia e que deberían recoller o destino do seu patrimonio en caso de disolución.



Antonio Barbosa, apunta ao respecto do destino do patrimonio dos centros, a oportunidade de constituírse nalgúns casos en Fundacións.

J.M. Vila Alén, propón que polo menos para o patrimonio cultural, Galicia cree unha Fundación con sedes en varios países que poida recoller os legados en museos ou arquivos.

Rematando as intervencións sobre este punto e sendo as 14:00 horas, levántase temporalmente a sesión. Reanúdase as 16:00 horas comenzando co seguinte punto do orde do día.

5.- Debate sobre os temas que se van tratar nas diferentes adendas que se presentarán no vindeiro “Consello de Comunidades Galegas”.

O secretario xeral da Emigración, abre a sesión e propón conceder unha rolda de intervencións para que cada asistente faga as correspondentes propostas.

Antonio Piñón. Propón facer unha comisión que leve un estudio-proposta sobre a unión de centros.

O secretario xeral da Emigración manifesta que, si ben esta cuestión non afecta a todos os países, ten unha grande importancia. Apunta os casos de “La Habana, Barcelona, Buenos Aires, Montevideo ou Suiza”. Anuncia que en marzo faranse reunións de contacto a este respecto en Montevideo e Bos Aires. Tamén di que por parte da Secretaría Xeral se levará un plantexamento sobre este asunto ao Consello de Comunidades Galegas.

Antonio Piñón, fai fincapé na importancia de influír, dende o convencemento, na necesidade de xuntarse, respetando a vontade das propias sociedades. Sinala que a atomización provoca falta de peso na sociedade na que están implantadas as entidades.

José Constenla. Pon de manifesto a importancia deste asunto e aínda que ve dificultades, cree necesario intentalo.

O secretario xeral da Emigración, reflexiona acerca de que vendo como están os tempos, haberá que dar prioridade as axudas para as asociacións de certa relevancia.

Antonio Barbosa, acerca das axudas, cree necesario que as asociacións tendan a autoxestionarse sen necesidade de axudas públicas.

J.M. Vila Alén. Fai mención que Bos Aires ten máis nº de entidades e emigrantes que calquera outro lugar. Cree necesario un cambio a medio/largo prazo, xa que senón se produce, desaparecerán moitas das actuais entidades. Di que o asunto require un esforzo de “imaxinación” e que actualmente estase nunha etapa de transición de “sociedades de emigrantes” a unha de “sociedades de descendentes”. Pon como exemplo a seguir o da Hermandad Gallega de Caracas, modelo que se pode aproximar o necesario en Arxentina. Comenta que o proceso necesita dun acompañamento da Secretaría Xeral como entidade



coordinadora que lidere o proceso dende unha autoridade política, moral e de mediación. Ve difícil o autoxestionar estes procesos sen a axuda da Secretaría Xeral da Emigración.

Nicolás Miño. Cree necesario o proceso de unión de sociedades aínda que en Inglaterra non haxa esta necesidade.

Raimundo A. Otero. Manifesta que en Andalucía poden darse poucos casos. Unicamente ve viable a unión entre os centros de Puerto Real e Cádiz, aínda que este último non o desexa. Pide que a norma obrigue á unión dalgún xeito.

Enrique Repiso. Di que na Cidade de la Habana existen 47 sociedades e que todas forman parte da Federación de Sociedades Gallegas de Cuba. Tamén que algunhas como “La Devesa, Sarria e Corcubión” lograron levar adiante procesos de fusión. En Cuba, os directivos das sociedade ven necesario ir a modo neste asunto, pra non dar a entender unha falsa debilidade do asociacionismo galego no país. Expón a dificultade añadida que se plantexa nas sociedades comarcais posuidoras de panteóns.

O secretario xeral da Emigración, pregunta si se podería constituír unha grande asociación co nome de “Centro Gallego de la Habana” que acolla as entidades comarcais e que deste xeito queden 7 ou 8 entidades importantes na cidade.

E. Repiso di que o cree imposible. Que xa se tratou de facelo, comezando con entidades provinciais ou comarcais e non se conseguiu. Di que se debe ter en conta que a maioría destas entidades teñen máis de cen anos, con directivas envellecidas o que dificultan estes procesos.

Xosé A. Fernández. Manifesta que en Holanda non hai problemas deste tipo. Que practicamente o seu centro é o único en funcionamento, que o de Amsterdam practicamente non funciona e a asociación “O Pote” carece de local.

Ernesto Lagarón. Cree necesario abordar o tema da unión ou fusión dos centros en Cataluña. Propón dous asuntos para tratar no próximo Consello:

A) - Futuro das entidades galegas: Unión ou fusión.

- Financiamento das entidades galegas.

B) - A presenza de Galicia fóra a través das entidades galegas.

- Promoción da Galicia do Século XXI no exterior. Promoción distinta do folclore.

Oscar Graña. Pon de manifesto que para o seu Centro, á pregunta sobre unións ou fusións -como hospital de referencia para a colectividade-, non cabe dar resposta. Pensa a este respecto das fusións, que a norma non pode obrígalas, que se debe chegar a elas a través do convencemento unido a alicientes de axuda moral, económica ou política que as fomenten.



Jorge Torres. Apunta a este respecto que unha “carta de axudas” soamente non vai dar lugar a procesos de fusión se non é a través do convencemento. A experiencia en Uruguai é que non se conseguiu a unión das grandes entidades. A realidade deste país presenta 2 ou 3 “aristas” de difícil solución, debido principalmente as diferentes actividades que desenvolven as sociedades: Sanidade, Casa Galicia; Residencia, Hogar español; Cultural e Deportiva, outras 13/14 sociedades. Ve ideal a idea de concentración pero non o ve fácil, di que debe facerse o intento aínda que a modo.

Juan Fraga Fernández. Salienta que o presidente da sociedade por encontrarse enfermo, non puido asistir a reunión e que él o substituíu no último momento, polo que as propostas da súa sociedade sobre os asuntos que se están a tratar, serán enviadas por correo a Secretaría Xeral da Emigración.

Gregorio Isasi Bidaurre. Sinala que en Euskadi está funcionando a Irmandade de entidades, que tódolos meses se xuntan para coordinarse e que non teñen problemas de funcionamento.

Cándido Lois García. Comenta que a este respecto, a situación da entidade que representa -Casa de Galicia- é similar á do Centro Galego de Bos Aires, adicadas ambas a Sanidade e Cultura. Ve difícil ir a un proceso de unión ou fusión con outras asociacións.

Rematada a rolda de intervencións o secretario xeral da Emigración pon de manifesto que quedan claras as moi diversas realidades das distintas comunidades e países. Entende que este proceso non pode iniciarse como “elefante nunha cacharrería”, pero que aínda que hai que ir a modo debemos apostar por entidades fortes e especializadas, segundo ás actividades principais que realizan: Recreativas-culturais, sanitarias e de carácter residencial-asistencial para anciáns. Salienta a importancia que o proceso de fusión pode ter en zonas como Cataluña, Madrid, Bos Aires, e repite a necesidade de ir a modo nestes procesos. Pon de manifesto que a actual situación do Goberno de España pode axudar a levar adiante estes procesos.

A petición dalgúns participantes, o Presidente abre unha nova rolda de intervencións.

J.M. Vila Alén. Móstrase de acordo no tocante a necesidade de que as entidades sexan importantes na sociedade do país de residencia e que para elo teñen que ter un proxecto marcado pola ilusión. Manifesta que as novas obras, servizos e actividades atraen a os cidadáns a elas e as fai máis relevantes.

Ernesto Lagarón. Pon como exemplo de relevancia na sociedade na que radica a unión do asociacionismo andaluz en Cataluña. Propón elaborar un programa de funcionamento-tipo para as sociedades.

Oscar Graña. Salienta que previamente a esta reunión, mantivo outra de preparación con 17 asociacións na Arxentina. Da traslado da petición feita pola “Sociedade Santa Comba”, de recoñecemento da Galeguitade, solicitado xa en 2006. Fai lectura dun escrito redactado pola súa presidenta e fai entrega do mesmo ao secretario da Comisión Delegada.



O secretario xeral da Emigración, manifesta que e consciente da gran labor desenvolvida por esta asociación, que a coñece e mantén unha grande relación coa súa presidenta, María Gerpe, tamén con outros membros da súa directiva. Salienta que estes procesos de recoñecemento da Galegidade están pechados dende fai varios anos. Di que entre outras cousas, a casuística que plantexa este centro -que non é única- xustifica a necesidade da nova lei. Que se recolle o escrito presentado e que será contestado con prontitude.

Oscar Graña. Toma a palabra e fai lectura dun amplo relatorio da historia do Centro Galego de Bos Aires, das actividades máis importantes que desenvolve, fundamentalmente na área sanitaria e cultural, esta última a través do “Instituto Argentino de la Cultura Gallega”. Menciona que mantén e xestiona un panteón con 4.000 lugares de soterramento. Continúa relatando que ten unha extensión de 3 Hs., 27.600 metros cadrados construídos, 1.266 empregados e que conta na actualidade con 15.880 socios, dos cales 148 teñen máis de 100 anos. Fai unha exposición da pirámide poboacional do centro, destacando que está moi envellecida o que ocasiona graves problemas societarios. Continúa dicindo que o Centro está a pasar por unha grande crise, agravada pola xestión da área sanitaria que, dende fai máis dunha década, realizou a Fundación Galicia Saúde, creada coa Xunta de Galicia. Di que, aínda que se intentou, non se puido desligar ambas entidades (Centro Galego e Fundación), por mor de atrancos xurídicos. Comenta que o centro galego retomou a xestión do hospital e que na actualidade está a ter 350.000 € de déficit mensual, polo que o centro está nunha situación crítica.

Manifesta que se teñen recibido moitos “millóns” da Xunta de Galicia e que aínda que puido haber mala xestión, descarta a mala fe, que quizáis puido haber ata corrupción, pero que isto nos tempos actuais, parece ser un mal xeral nas sociedades. Remata lanzando un S.O.S polo centro para salvalo, manifestando que un esforzo colectivo de 103 anos non pode desaparecer. Pide axuda para que a Comisión Delegada defenda, no que poida, ao centro que representa.

Ernesto Lagarón, toma a palabra e manifesta que non permite que se diga que hai corrupción en todas as institucións. Que a maioría dos centros galegos son dirixidos conforme as leis.

Nicolás Miño. Salienta que en absoluto hai corrupción nas colectividades galegas, cando menos na de Londres que él preside, que se fose doutro xeito houberse abandonado inmediatamente a sociedade.

O secretario xeral da Emigración, manifesta que o Centro Galego de Bos Aires foi unha referencia e que como tal é necesario contemplalo. Continúa dicindo que non se debería pedir axuda sen facer autocrítica. Fai un breve repaso da historia da institución nos último 15 anos, que él coñece ben por haber traballado nesa institución. Salienta que sen á colaboración da Xunta de Galicia, hoxe estaría pechada, que dende que él a deixou, de 2006 ata 2009 o centro pasou de 30 millóns de pesos de déficit a máis de 130, ocasionado fundamentalmente polas decisións estratéxicas adoptadas, pola falta de supervisión e pola propia xestión realizadas neses anos polos reponsables correspondentes. Tamén di que a xunta directiva saída do último proceso electoral da institución, asumiu con coñecemento unha “pataca quente”, e adoptou unha serie de medidas que debe asumir. Prosigue facendo un breve



relatorio sobre a situación pola que actualmente pasa a institución e pide boa vontade e lealdade á propia institución para sacar a situación adiante.

Oscar Graña, aclara que a súa intervención tratou de poñer de relevancia a importancia de non perder 103 anos do Centro Galego. Manifesta que “as persoas pasan e as institucións quedan”.

O secretario xeral da Emigración, resposta que a administración galega trata de facer un grande esforzo pola relevancia social do centro. Pide prudencia nas manifestacións dos membros da actual xunta directiva e di que de ningún xeito está disposto a someterse, coa escusa desa relevancia, a un chantaxe. Solicítalle que transmita a actual xunta directiva a necesidade de “remar todos xuntos”.

Jorge Torres. Expón que a situación presentada, pon de manifesto a necesidade de que as institucións estén gobernadas por persoas con formación suficiente e axeitada nos campos aos que se dedidan. No caso do Centro Gallego de Buenos Aires ve necesario aplicar solucións innovadoras, como fixo en Uruguai “Casa de Galicia”, que logrou reverter unha situación similar.

Xosé A. Fernández Corral. Expón varias solicitudes dos centros de Holanda e Bélxica dirixidas á Xunta de Galicia:

- Creación dun organismo para a defensa da cultura de Galicia.
- Que os grupos culturais galegos poidan saír fóra a facer actuacións.
- Que a Xunta envíe libros, películas etc. e máis información do Día das Letras Galegas.
- Que se manteñan os voos directos a Galicia dende estes dous países.

O secretario xeral da Emigración, di que as máis das propostas xa se están a facer e que sobre a última solicitude daralle traslado ao departamento correspondente.

J.M. Vila Alén. Pon de manifesto que non coñece dirixentes corruptos na colectividade. Di que pode pasar que algúns deles non se houberan reciclado suficientemente. Recoñece o esforzo realizado polo secretario xeral da Emigración a favor do Centro Galego de Bos Aires porque lle consta, a pesar de que as veces, ese esforzo fora en detrimento doutros centros. Faise eco da realidade que vive esta institución e se solidariza con ela e presta a institución que dirixe para abordar as iniciativas que se fagan para salvara.

Enrique Repiso. Agradece o esforzo realizado pola Secretaría Xeral da Emigración no caso das axudas individuais a persoas necesitadas, manifestando a importancia que teñen para moitos galegos de Cuba.

O secretario xeral da Emigración, recoñece a grande labor das persoas e entidades que colaboran (especialmente en Cuba) para lograr que ese programa de axudas funcione ben.

6.- Rolda de intervencións libres.



O presidente abre a rolda non habendo intervencións.

O secretario xeral da Emigración toma a palabra para pechar a sesión, agradecendo o traballo e sintonía mostrada polos participantes nela. Fai unha breve exposición da política a seguir pola Xunta de Galicia en materia de emigración e pide a colaboración dos asistentes para dar traslado aos centros dos asuntos tratados.

Manifesta a importancia dalgunha das suxestión feitas ao texto do anteproxecto da nova lei. Di que aínda hai posibilidade de seguir achegando novas propostas, aínda que pretende iniciar a súa rápida tramitación para tela adiantada para cando se celebre o próximo Consello de Comunidades Galegas. Di que está previsto realizalo sobre o comezo do vindeiro verán, aínda que non se sabe onde se celebrará, di que aínda que se quería facer no exterior, vendo a situación actual, farase onde razoablemente sexa menos costoso, posiblemente en Galicia.

Da as grazas a todos os presentes desexándolles un feliz retorno aos seus lugares de residencia e sendo as 19:20 horas da por concluída a sesión.

Ourense, 15 de decembro de 2011

O Presidente da Comisión Delegada.

O Secretario da Comisión Delegada.

J. Santiago Camba Bouzas

Ramón Brigos Fernández